


# FIADDEIRO

SEGUNDA ÉPOCA: Nº 22



M  
A  
R  
Z  
E  
L  
  
M  
A  
R  
I  
A

LETRAS GALEGAS 2016  
C.E.I.P. MONTEMOÇOS  
BELUSO

# ÍNDICE

*TRABALLOS DE INFANTIL.*

*TRABALLOS DO PRIMEIRO CICLO.*

PRIMEIRO CURSO.

SEGUNDO CURSO.

*TRABALLOS DO SEGUNDO CICLO.*

TERCEIRO CURSO.

CUARTO CURSO.

*TRABALLOS DO TERCEIRO CICLO.*

QUINTO CURSO.

SEXTO CURSO.

*TRABALLOS DE MÚSICA.*

*TRABALLOS DO DEP. ORIENTACIÓN.*

*TRABALLOS DE INGLÉS.*

Ola a todos. Queremos presentarnos. Somos os nenos e nenas de 4º de Infantil. Este ano chegamos por primeira vez ao cole.

Un saúdo para todos.



IRIAL. SAUL NOA MARIO  
 SABELA PAULA PAUL HUGO  
 ELENA IRIA F. DANIELA LEYRE  
 SARNA CARMEN MARCOS UNAI

As nenas e os nenos de 4º de E. Infantil inspirámonos no conto "A eiruga larpeira" de Eric Carlé para elaborar este traballo sobre o ciclo das bolboretas.



### TRES POEMAS DE BICHIÑOS

de Manuel María

#### BOLBORETA

RAD DE LUZ, BORBIA  
QUE VOAS DE FLOR EN FLOR:

WAV CHE ME ENSADA O TEU VOO  
QUE ME ENSADA A TUA COLOR!



#### CARACOL

CARACOL COLI COLI  
CARACOLI CARACOLEIRO!  
PON OS TEUS CORNOSÓ SOL  
XA QUE ES TAN FRIOLEIRA!



#### O GRILO

O GRILO CANTA NO LAR,  
TAMÉN CANTA NA CA CAMPÍA  
ICANTA CO SOL QUEIMADOR  
NAS HORAS DO MEDIODIA!




5º EDUCACIÓN INFANTIL

### AS BOLBORETAS

Os nenos e nenas de 6º EI. estivemos estudiando moitas cousas interesantes sobre as bolboretas

¿Que sabemos?	¿Que queremos saber?	¿Como investigamos?
Voan. Son de moitas cores. Lles gustan as flores. Teñen 2 ollos 2 antenas. Son insectos. Son ovíparos.	Teñen oídos? Canto víven? Cantas patas teñen? Como nacen? Que comen? Que partes do corpo teñen?	Buscando no dicionario. Buscando nos libros. Na biblioteca. En internet. Preguntando as familias.

#### PARTES DA BOLBORETA





### OS OVOS

A etapa embrionaria comeza cando a bolboreta pon os ovos, este período pode durar entre 3 e 8 días



### A LARVA / EIRUGA

A larva come grandes cantidades de vexetais para engordar e medrar ata converterse en eiruga



### A PUPA OU CRISÁLIDA

Pasa de eiruga a bolboreta. E pode durar entre un par de semanas a varios meses.



## AS BOLBORETAS ADULTAS

A vida das bolboretas é moi variable desde 2 ou 3 días hasta varios meses, depende da especie.  
As "Bolboretas Monarcas" poden vivir hasta 9 meses



6º educación infantil

## CURIOSIDADES SOBRE BICHIÑOS

Hai tres tipos de ABELLAS: as obreiras, as abellas machos ( abáboros ) e a abella raíña.  
As obreiras viven entre 6 e 8 semanas e fan todo o traballo.  
Os abáboros non teñen aguillón e o único traballo que fan é fecundar á raíña.  
Só hai unha abella raíña por colmea e produce ata 2.500 ovos por día. Pode vivir ata 6 anos.  
As abellas bailan para comunicar a dirección e a distancia na que están as flores.  
Despois de picar á xente as abellas morren porque o seu aguillón ráchase.

As FORMIGAS comunicanse por medio do olfacto, o que explica que ás veces as vexamos "xuntando as súas cabezas". Teñen cinco narices.  
Unha formiga pode sobrevivir ata dúas semanas baixo a auga.  
A formiga cae sempre á dereita cando está intoxicada.  
Cando unha formiga sente que debe morrer alónxase moito do formigueiro ata que lle pase algo (un paxaro a coma , unha persoa a pise ...).  
Unha formiga pode levantar 50 veces o seu propio peso e 30 veces o volume do seu corpo.  
Existen desde fai case 100 millóns de anos.

As ARAÑAS teñen unllas na punta das súas patas.  
O diámetro dunha tea de araña pode ser máis forte ca o aceiro.

Nun colchón de 9 ou 10 anos hai millóns e millóns de ÁCAROS defecando , comendo e reproducíndose.

Un GRILO pode saltar obstáculos de 500 veces a súa altura (82,5 cm en total), que é coma se un humano de 170 cm saltase a unha altura de 850 metros.

As MOSCAS teñen o sentido do gusto nas súas patas.  
Unha mosca sempre salta ao revés cando alguén tenta golpeala.

Se lle cortan a cabeza a unha CASCUDA , pode sobrevivir semanas.  
É o animal máis rápido de 6 patas. Se fose do tamaño dun humano, podería chegar a alcanzar unha velocidade 500 km/h.



Fontes: Rincón de la Ciencia / Naturaleza Curiosa / National Geographic.

# ADIVIÑAS SOBRE BICHOS

Con fariña de ouro  
nin pota nin forno,  
fai doce pastel.  
Unha vella si,  
Unha vella é.



Cen damas moursas  
van polo camiño,  
nin erguen po  
nin fan bulicio  
ata deixar  
a carga de trigo.



Logo do "pi",  
trae un ollo;  
pero este chupasangues  
non é birollo.



Levo a casa ao lombo,  
ando sen ter unha pata;  
vou marcando o pasiño  
deixando un camiño de prata.



No alto crece  
no alto espreita  
no alto tece  
a tecedeira



Nace unha vez  
e anda de arrastro;  
nace outra vez  
e marcha voando.

Unha orquestra de verán  
moitos músicos de frac;  
cada un á porta da casa  
e todos tocan  
a mesma comparsa



De ter zapatóns,  
pasaría o día  
atando cordóns.




Ten Xoana una filla  
que lle saíu voandiña

1º ED. PRIMARIA

## PROXECTO AS FORMIGAS

Este curso os alumnos e alumnas de 2º de E. P. decidimos investigar sobre as formigas.



### PARTIMOS DO QUE SABEMOS E AVERIGUAMOS O QUE QUEREMOS SABER




APRENDEMOS MOITAS COUSAS SOBRE AS FORMIGAS, CON TODA A INVESTIGACIÓN QUE LEVAMOS A CABO FIXEMOS ESTE PROXECTO



AS FORMIGAS

PROXECTO 2º E. P.



O SEU CORPO

• TEÑEN CABEZA, TÓRAX E ABDOME

6 PATAS



SÓN INSECTOS

- AS FORMIGAS SON MOI SOCIABLES. VIVEN EN COLONIAS
- VIVEN XUNTAS. ÁS VECES HAI ATA 100.000 OU MÁIS FORMIGAS XUNTAS
- VIVEN NO FORMIGUEIRO. HAI FORMIGUEIROS SUBTERRÁNEOS E ARBORICOLAS



- AS FORMIGAS VEN POUCO INDA QUE TEÑEN GRANDES OLLOS. USAN AS ANTENAS PARA ULIR E TOCAR
- A SÚA BOCA É MOI CURIOSA, TEN MANDÍBULAS CON MOITA FORZA.



TIPOS DE FORMIGAS

HAI FORMIGAS FEMIA E FORMIGAS MACHO TAMÉN HAI:

- FORMIGAS OBREREAS QUE TEÑEN COMO FUNCIÓN CONSTRUIR O FORMIGUEIRO, CUIDAR AS CRIAS, CONSEGUIR ALIMENTO
- FORMIGAS SOLDADO QUE PROTEXEN O FORMIGUEIRO
- FORMIGAS MACHO TEÑEN AS OLLOS BEN DESENVOLVIDOS E LONGAS ANTENAS, OS MACHOS SÓ SE ENCARGAN DE FECUNDAR A FORMIGA RAINHA
- FORMIGA RAINHA, DE TAMAÑO MOI GRANDE, PON OVOS. CANDO NACEN AS LARVAS A FORMIGA RAINHA ALIMENTAAS CON SECRECIÓNS SALIVARES. A FORMIGA RAINHA PODE CHEGAR A VIVIR ATA 15 ANOS.



• OS OVOS DE FORMIGA SON BRANCOS



ALIMENTACIÓN



- UNHAS CANTAS ESPECIES DE FORMIGAS DESENVOLVERON HÁBITOS DE PASTOREO E TEÑEN PULGÓNS QUE TRATAN COMO SE FOSEN AS SÚAS MASCOTAS.

OS OSOS FORMIGUEIROS CÓMENAS



2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA –CURSO 2015/2016



## O CARACOL

O caracol é un animal **invertebrado**, porque non ten esqueleto interno, e dentro dos invertebrados pertence ao grupo dos **moluscos**, que son o segundo grupo máis numeroso dos invertebrados, despois dos insectos. É un animal **ovíparo** que ten na súa boca arredor de 20.000 dentes microscópicos que lle permiten alimentarse con facilidade.

Ten o corpo brando e musculoso e protexido por unha cuncha. A forma na que está deseñado este animal permitiulle sobrevivir a través dos séculos, e tamén contribuíu á súa supervivencia a habilidade que ten para reproducirse. O caracol é **hermafrodita**, é dicir, ten dous órganos reprodutores: masculino e feminino. Todos os caracois maduran sexualmente ao ano de nacer e a súa vida non dura máis de cinco ou sete anos.

Segundo a clase do caracol, pode poñer moi distinta cantidade de ovos: uns 50 ou 80 ovos (caracol Hélix), 200 ovos (caracol chino) ou 700 ovos (caracol africano) Por norma xeral aos ovos de caracol lévalles de dúas a catro semanas desarrollarse e unha vez que eclosionan nacen as caracoliñas. Estes pequenos caracois devoran todo o que atopan ao seu paso, empezando pola membrana que revestía o ovo de onde acaban de saír porque é rica en proteínas, sales minerais e sobre todo calcio o que lles permite endurecer a súa cuncha.

Os caracois hibernan, normalmente desde outubro ata finais de abril. Tamén poden deter a súa actividade no verán se hai moita seca, o que se coñece como estivación. Para manterse húmidos durante a hibernación, selan a apertura da súa cuncha cunha capa seca de mucosidade chamada epifragma.

Os caracois teñen moitos depredadores naturais: os escaravellos, as serpes, os sapos, as tartarugas, as galiñas e tamén outras especies de caracois.



## POEMAS DE CREACIÓN PROPIA

### O CARACOL SIMÓN

O caracol Simón  
un día si, un día non  
vai pasando pola horta  
cantando a súa canción.

Os demais leichións  
rin e rin a cachón  
todas elas murmuran:  
"que mal canta Simón!"

Dinlles que estude canto,  
tamén violín e piano  
que forme unha orquestra  
co cempés Mariano.

Pero a el non lle importa  
e segue pasando pola horta  
un día si, un día non  
cantando a súa canción.



## GARACOLIÑO

Caracol caracoliño  
eres moi pequeniño  
sempre paseando a pouquiño  
deixas un camiño.

O teu camiño dourado  
lévame a outro lado  
onde está o fento mollado  
alí están ti tumbado.

Con teus corniños pequenos  
míras a todos os lados  
a túa uncha de cores  
é coma as mil flores.

Caracoliño vas a medrar  
pasearás sen parar  
ata atopar unha caracoliña  
que sea a túa moiña.



## FAROL, o caracol

No xardín da miña casa  
saíu onte un caracol  
que tiña moita guasa  
e chamalle Farol.

Era moi traseiro e lento  
e foise a Xapón  
lenculle moitísima tempo  
e ó chegar gañou un cupón.

## O CARACOL

Brando e musculoso  
encantalle saír os cornos ó sol,  
é moi patoso  
chámase caracol.


Deixa un rastro no camiño  
que brilla co sol  
e cando se asusta,  
agáchase no caparazón.



DE MAIOR QUERO SER...

Os nenos/as de 4º de E. Primaria, preguntámoslles a todos os compañeiros/as do Colexio : **Que che gustaría ser de maior?** Estas as respostas:


4º E. INFANTIL




5º E. INFANTIL




6º E. INFANTIL




1º E. PRIMARIA




2º E. PRIMARIA




3º E. PRIMARIA




4º E. PRIMARIA



5º E. PRIMARIA



6º E. PRIMARIA



# MANUEL MARÍA

## O CARRO

Manuel María no seu poema autobiográfico cóntanos que naceu na Terra Chá, comarca da provincia de Lugo e á que pertencen os concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Pastoriza, Vilalba e Xermade. A capital é Vilalba.

Eu son de Outeiro de Rei,  
viliña da Terra Chá,  
onde aprendín a vivir  
e a soñar con libertá.

Casamos. Quixo o destino  
-ou cecáis a nosa sorte-  
que levemos moitos anos  
con residencia en Monforte.

Teño dous grandes amigos  
de trato noble e sinxelo:  
o caudaloso Pai Miño  
e o regato de Cepelo...!

Nón sempre fomos galegos  
sinxelos e verdadeiros,  
soñadores, trotamundos,  
editores e libeiros...

Vivin en Lugo algúns anos,  
consequín ser bachiller  
e gastei a adolescencia  
en troulear e escribir.

Hai quen dí que son autor  
prolífico e incontinente.  
¡Ben o sinto! ¡E teño mágoa  
de non ser máis competente!

En Lugo atopei, pra sempre,  
o meu amor, que é Saleta:  
¿conmigo a vida non puido  
ser máis xentil e perfecta!

E aquí sigo: lendo, ufano,  
satisfeito de estar vivo.  
Mentres o tempo me gasta:  
¡paseo, leo e escribo...!

Do seu libro Terra Chá eliximos o poema "O carro" para facerlle a nosa homenaxe a este escritor cos debuxos do que foi medio de transporte do mundo rural galego.



Non canta na Chá ninguén,  
 por eso o meu carro canta,  
 canta o seu eixo tan ben  
 que a señardade me espanta.




Non hai canto tan fermoso:  
 fino coma un asubío,  
 anque é, as vegadas, saudoso  
 faise no ar rechouchío.




Non canta na Chá ninguén,  
 por eso, meu carro canta,  
 canta o seu eixo tan ben  
 que a señardade me espanta.

O meu carro é cerna dura:  
 sábese carballo e freixo.  
 Que fermosa e a súa feitura!  
 Que lixeireza a do eixo!



As cousas vanse aledando  
 por onde o meu carro pasa.  
 Carréteme herba pro gando!  
 Traime a colleita pra casa!



# BELUSIÑA É UN BICHO



Durante este curso no CEIP Montemogos traballamos o tema "Bichiños" como un proxecto común para todo o cole. Algúns dos nosos compañeiros e compañeiras non se daban conta que hai xa bastantes anos que temos entre nós un bichiño moi coñecido. Ese bichiño chámase BELUSIÑA. Pero, sabedes que clase de animal é a nosa mascota da Biblioteca? Isto foi o que intentamos explicar, os nenos e nenas de sexto de Primaria, nun traballo que fixemos a principio de curso.

## BELUSIÑA É UN VAGALUME

Os vagalumes son animais **invertebrados**, non teñen ósos, carecen de esqueleto. Os invertebrados son o 95% das especies animais

É un invertebrado **ARTRÓPODO**: animais co corpo cuberto de exoesqueleto (cutícula) e formado por unha serie de segmentos, con apéndices articulados. Os arácnidos, os insectos e os crustáceos son artrópodos

Belusiña é un artrópodo da clase dos **INSECTOS**. Os insectos teñen o seu corpo dividido en: cabeza, tórax e abdome, posúen tres pares de patas.

Os vagalumes son insectos **COLEÓPTEROS**. Esta subespecie soe identificarse cos escaravellos. Son insectos que xeralmente posúen dous pares de ás, das cales as anteriores (élitros) están moi endurecidas e as posteriores son membranosas e recóllense baixo as anteriores. O protórax acostuma ser grande e móbil e as pezas bucais son mastigadoras.

### O CORPO DOS VAGALUME

Caracterízase por posuír un par de antenas delgadas e articuladas, élitros e un protórax modificado de xeito que case lle cobre a cabeza.



A maioría das especies presenta **dimorfismo sexual**:

mentres os machos acadan un desenvolvemento completo semellante ao dos outros coleópteros, as femias conservan aspecto de larva con élitros reducidos a escamas, con patas gordechadas e sen ás. So poden distinguirse as femias das larvas porque teñen ollos compostos.



Os lucecús teñen **órganos luminosos** especiais situados baixo o abdome. Cando absorben osíxeno, este combínase dentro das células especiais cunha substancia chamada luciferina e reacciona producindo luz sen apenas xerar calor.



### FUNCIÓN DE RELACIÓN

Os vagalumes adoitan vivir en lugares húmidos e vizosos con abundosa vexetación.

Emiten luz por varias razóns: para buscar parella, para advertir aos depredadores, para avisar a outros vagalumes en perigo e para enganar a outros individuos, atráenos coa luz e cando se acercan, cómenos.

### FUNCIÓN DE NUTRICIÓN

Os vagalumes aliméntanse de caracois e lesmas. Os adultos non se alimentan, viven das reservas que acumularon durante a súa vida.



### FUNCIÓN DE REPRODUCCIÓN

Os lucecús teñen reprodución sexual. Son ovíparos. En xullo empeza a época da reprodución. Como a femia non pode voar permanece nun lugar alto emitindo luz para ser localizada polo macho.

A femia pon os ovos fertilizados baixo terra e incúbanse durante tres ou catro semanas. Cando eclosionan comeza a súa **METAMORFOSE**:

- 1º -Pasan polo estado de **larvas**. Son coñecidas como vermes de luz
- 2º- Despois de meses pasan a ser **pupas**. Solen estar inmóbiles mentras o seu organismo pasa de larva a adulto. Durante esta etapa que dura entre sete e vinte días non se alimentan
- 3º -Acadan o estado de adultos ou **imagos**.



LETRAS GALEGAS 2016



Manuel María Fernández Teixeira nace en Outeiro de Rei (Lugo) o 6 de outubro de 1929, como fillo de labregos.

Trasládase a Lugo para facer o bacharelato. Sempre que pode volve a Outeiro de Rei e aprende a facer versos nas tardes de verán á sombra dunha oliveira.

Con 19 anos imparte a primeira conferencia no Círculos das Artes de Lugo.

Invitado por Luís Pimentel, intégrase no faladoiro do café Méndez Núñez ao que asiste con outros escritores como Ramón Piñeiro, Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Carballo Calero; que o poñen en contacto coa realidade cultural galega.

En 1950 escribe o seu primeiro libro de poemas *Muiñeiro de brétemas*, que marca a aparición dunha nova corrente poética: **A escola da Tebra**. En Santiago coincide con Uxío Novoneyra e con outros intelectuais como Otero Pedrayo e Carlos Masside. Forma a **editorial Xistral**.



Manuel María, Saleta Goi e Uxío Novoneyra no

En 1956 coñece a Saleta Goi, a súa compañeira e musa, coa que casa tres anos despois. Instálanse en Monforte de Lemos, onde exerce como procurador ata a súa xubilación. Asiste as primeiras reunións para reorganizar o nacionalismo galego.

Intensifica a súa creación como poeta: *Documentos personaes* (1958), *Mar Menor* (1963)

Comprometido coa fala, co pobo e con numerosas causas xustas, percorre o país cunha voz cada vez máis combativa e edita *Versos para un país de minifundios*, *Cancións do lusco ó fusco*.

Publicou unha importante obra de literatura infantil como o libro de poemas *Os soños na gaiola*, as pezas teatrais *Barriga verde*, *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela* ou as narrativas *Cando o mar foi polo río*, *Unha sombra vai polo camiño*.



Escribiu ensaios sobre Bouza Brey e Celso Emilio Ferreiro, entre outros.

En 1968 presentou en Santiago, no teatro Capitol, a Nova Canción Galega.

Grupos como Fuxan os Ventos ou cantantes como Suso Vaamonde musicaron os seus poemas.

Manuel María estivo sempre comprometido co nacionalismo galego, e tamén coa Lingua Galega.

En 1998 trasladouse a vivir á Coruña onde foi nomeado académico numerario da Real Academia Galega o 15 de febreiro de 2003.



Manuel María na Real Academia Galega

Finou o día 8 de setembro de 2004 na Coruña e foi trasladado a Outeiro de Rei.

## VOLUNTARIADO LECTOR

O alumnado de 6º de Primaria do Ceip Montemogos a principios deste curso formou un grupo de voluntariado lector, a proposta das súas profesoras da biblioteca.

Esta actividade consiste en ler ou representar contos, poemas, cancións... a grupos de persoas dentro e fóra do noso cole.

Para conmemorar o **DÍA DA PAZ**, un grupo do voluntariado fixo un teatriño para todos os nenos e nenas do seu colexio chamado "**A viaxe das bolboretas**".

Unhas semanas despois representáronllo ao alumnado do **XOAN XXIII**, unha fundación que coida as persoas discapacitadas.



Meses máis tarde foron ao colexio de **Virxe Milagrosa de Bueu** a lerlle a Educación Infantil.

Ese mesmo día visitaron o **Centro de día Anduriña**, que coida persoas maiores, e recitaron e cantaron poemas de Rosalía de Castro. Ao acabar foron obsequiados cuns agasallos.

### APADRIÑAMENTOS LECTORES.

Faise cada venres no colexio, consiste en ler un libro aos máis pequenos do cole (Educación Infantil e primeiro de Primaria). Cada alumno/a de sexto apadriña a un ou varios compañeiros dos cursos máis baixos.



A principios de abril, o día 6, estiveron no "Salón do Libro" en Pontevedra onde representaron dous contos de bichiños: "**A viaxe das bolboretas**" e "**Eu non fun**".

No mes de maio está programado intercambiar experiencias co Taller de Memoria da Casa do Pobo de Beluso.

Geovanni, Álex, Dani, Iris.



## CANTAMOS COS "BICHIÑOS"

Na clase de música este ano traballamos o Proxecto Interdisciplinar de Centro a través de cancións, danzas e audicións sobre "bichiños".

Sirvan de exemplo:

### FUN AO MERCADO (María Fumaça)

Fun ó mercado a mercar café  
veu unha formiguiña e subume polo pé.

Eu sacudín, sacudín, sacudín  
mais a formiguiña non paraba de subir.

Fun ó mercado a mercar regaliz  
e unha formiguiña subume polo nariz  
eu sacudín, sacudín, sacudín  
pero a formiguiña non paraba de subir.

Fun ó mercado a mercar azafrán  
e unha formiguiña subume pola man  
eu sacudín, sacudín, sacudín  
pero a formiguiña non paraba de subir.

Fun ó mercado a mercar champú  
e unha formiguiña picoume no cú  
eu sacudín, sacudín, sacudín  
pero a formiguiña no paraba de subir.



### O CEMPÉS (Cantaxogo)

O cempés é un bicho moi raro,  
parece que foran cen bichos atados.

Eu o miro e me lembro dun tren,  
Cóntolle as patas e chego ata cen.



CARACOL (Manuel María. Os soños na gaiola)

Caracol, col, col,  
caracol, caracoleiro,  
ipon os teus cornos ó sol  
xa que eres tan frioleiro!

O lombo léva-la casa,  
caracol, caracoleiro,  
ie deixas cintas de seda  
engalanando o carreiro!


Caracol, col, col,  
caracol, caracolón,  
ipon os teus cornos ó sol,  
ó sol os teus cornos pon!



Con axuda do conto "La abeja trabajadora" (ED.COMBEL) onde saen un montón de "bichiños" en pop-up, traballamos a canción "BICHIÑOS PEQUENIÑOS" incluída no disco de Mamá Cabra e Susa Herrera "Todos os animais ó caixón".

BICHIÑOS PEQUENIÑOS (Mamá Cabra)

A abella traballadora vai voando horas e horas,  
leva pole nas súas patillas, entre lilas e campaiñas.  
As formigas van desfilando e a terra vaise mollando,  
pero non lles importa nada porque elas levan paraugas.



Estes son bichiños con algo especial,  
Todos pequeniños non queren falar. (Bis)

Ai veciña, ti que me contas? Da terra saen miñocas,  
elas bailan un rico son e ata forman un corazón.  
É moi seria e moi formal esta musa tan ideal,  
adornada sempre a súa hora a libélula soñadora.



Estes son bichiños con algo especial...

Non fai falla ser detective, a súa pista moi ben se sigue;  
Co filliño paseando ó sol, o meu amigo o caracol.  
Vexo algo no horizonte, tres saltóns van polo monte,  
eles miran unha xoaniña que saúda moi xeitosiña.





Estes son bichiños con algo especial...º

Aquí chega o escaravello, sempre anda cos seus trebellos.  
Forma bólas moi redondiñas, sexan grandes ou pequeniñas.  
A eiruga enchendo o ventre, come ata que lle rebente.  
E non para de rirse cando conta de cero a vinte.



Estes son bichiños con algo especial...

Partindo do conto "A pulga e o piollo" de tradición popular, traballamos a canción do mesmo título do disco "Patatín patatán" de Mamá cabra e a danza-xogo de imitación "A pulga na palla" do disco "Na punta do pé"



Poema de Manuel María do disco "Os soños na gaiola" de Suso Vaamonde.

AULA DE MÚSICA

## ENTREVISTA Á MESTRA LUPE

Este curso xubilouse a nosa Teacher Lupe e o alumnado de 6º realizoulle unha entrevista moi interesante.

### 1) Cal foi a túa primeira escola?

A miña primeira escola foi a de Coiro en Cangas. Tiña 33 alumnos.

### 2) Onde estudaches para ser mestra?

En Pontevedra. Estudei alí o bacharelato e na Escola de Maxisterio.

### 3) De non ser mestra, que che gustaría ser?

Desde moi pequeniña quería ser mestra. Pero senón gustaríame facer algo relacionado coas plantas.

### 4) Desde cando es mestra?

Desde o ano 1977. No 1978 aprobei as oposicións.

### 5) Sempre fuches mestra de Inglés?

Fixen a carreira pola especialidade de inglés pero como sempre me gustaron os nenos pequenos despois fixen a especialidade de infantil. Como era máis fácil entrar por infantil e a min me gustaba, entrei por infantil. Estiven traballando 13 anos en educación infantil nun colexio en Cangas que se chama Cimadevila e despois vin para aquí, estiven en Curraces. Cando houbo unha praza de inglés no colexio porque se empezaba a dar inglés en 3º, pois empecei a dar inglés e fixen cursos e estudei para poñerme ao día.

**6) Cantos nenos e nenas pasaron pola túa aula?**

Moitos. Imaxínate porque en 38 anos traballando... Agora so hai un curso por nivel pero antes había dous cursos e foron moitos alumnos.

**7) Que é para ti o máis difícil de ser mestra?**

O máis difícil é conseguir que prestedes atención. Os que prestan atención case non teñen que estudar na casa.

**8) Hai algunha anécdota que lembres especialmente?**

Lémbrome dun rapaz que era especialmente difícil de levar e cando pasaron os anos ía en moto por Cangas e tiña o semáforo en vermello e deixoume cruzar. Aínda este curso os nenos pequenos me fixeron un debuxo de despedida e cando lle preguntei a un que debuxara, díxome un "tico-tico" e como eu non entendía, repetíume enfadado que era un "tico-tico".

**9) A que te vas dedicar agora que estás xubilada?**

Facer as cousas de forma relaxada, vou a aquagym, estudo piano, quedo coas amigas, dar paseos, ler, ir ao cine, penso viaxar...



*Gracias, Teacher Lupe, e parabéns pola túa xubilación!*

# O EQUIPO DE MEDIACIÓN

Somos o equipo de mediación do CEIP Montemogos: Iris, Pablo, Gisela, Carmen, Víctor, Laura, Jesús, Alba, Antía e Iago.



Atoparédesnos nos recreos coa pañoleta verde que nos identifica e tratamos de resolver os conflitos que xurden no patio. O que facemos é:

- 1º Escoitamos o que lle pasou a unha das persoas en conflito.
- 2º Escoitamos o que lle pasou á outra persoa.
- 3º Aclaramos o que sucedeu.
- 4º Entre as dúas teñen que chegar a unha solución que lle guste a ambas.

## O RECUNCHO DE MEDIACIÓN

Cando se trata de conflitos máis complexos, resolvémolos no recuncho de mediación. Ten dúas cadeiras: unha para sentarse a contar o que pasou e outra para sentarse a escoitar. Despois intercámbianse os sitios para que fale o que non falou e escoite o que non escoitou. Así tratarán de resolver o conflito.



Cando se resolve fanse, coa tableta un *selfie* ou autofoto coa mediadora ou co mediador.



HERE ARE  
OUR CLASS  
BUGS





4º E.I.



1º E.P



5º E.I.



2º E.P



6º E.I.



3º E.P





4º E.P



5º E.P



6º E.P



# GALICIA SOMOS NÓS





**FIATDEIRO**

